



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Farmacoterapia	Código	661G01024	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Profesorado	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O propósito desta materia é capacitar a/o estudante para a indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, conforme á norma reguladora que autoriza dita dispensación as enfermeiras/os co fin de satisfacer as necesidades de coidado da persoa, apoiado no xuízo clínico enfermeiro.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Identificar e valorar o uso e indicación de medicamentos e produtos sanitarios de prescripción independente	A4 A5 A6 A38	B2 B4 B5
Descibir o uso e indicación de medicamentos e produtos sanitarios de prescripción colaborativa individualizada.	A4 A5 A6 A38	B2 B4 B5	C1 C4 C7 C10 C12
Descibir o uso e indicación de medicamentos e produtos sanitarios de prescripción colaborativa estandarizada.	A4 A5 A6 A38	B2 B4 B5	C1 C4 C7 C10 C12

Contidos	
Temas	Subtemas



PRESCRICIÓN INDEPENDENTE	<p>Apósitos e produtos para cura en ambiente húmido</p> <p>Medicamentos para:</p> <p>A- Tracto alimentario e metabolismo</p> <p>B- Sangue e órganos hematopoiéticos</p> <p>C- Sistema cardiovascular</p> <p>D- Dermatolóxicos</p> <p>G- Sistema xenitourinario e hormonas sexuais</p> <p>L- Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores</p> <p>M- Sistema musculoesquelético</p> <p>N- Sistema nervioso</p> <p>P- Produtos antiparasitarios, insecticidas e repelentes</p> <p>R- Sistema respiratorio</p> <p>S- Órganos dos sentidos</p>
PRESCRICIÓN COLABORATIVA INDIVIDUALIZADA	<p>Medicamentos para:</p> <p>A- Tracto alimentario e metabolismo</p> <p>B- Sangue e órganos hematopoiéticos</p> <p>C- Sistema cardiovascular</p> <p>D- Dermatolóxicos</p> <p>G- Sistema xenitourinario e hormonas sexuais</p> <p>L- Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores</p> <p>M- Sistema musculoesquelético</p> <p>N- Sistema nervioso</p> <p>P- Produtos antiparasitarios, insecticidas e repelentes</p> <p>R- Sistema respiratorio</p> <p>S- Órganos dos sentidos</p>
PRESCRICIÓN COLABORATIVA ESTANDARIZADA	<p>Medicamentos para:</p> <p>A- Tracto alimentario e metabolismo</p> <p>B- Sangue e órganos hematopoiéticos</p> <p>C- Sistema cardiovascular</p> <p>D- Dermatolóxicos</p> <p>G- Sistema xenitourinario e hormonas sexuais</p> <p>L- Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores</p> <p>M- Sistema musculoesquelético</p> <p>N- Sistema nervioso</p> <p>P- Produtos antiparasitarios, insecticidas e repelentes</p> <p>R- Sistema respiratorio</p> <p>S- Órganos dos sentidos</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	C1 C4 C7	1	0	1
Sesión maxistral	A4 A5 A6 A38 B2 B4 B5 C4 C10 C12	21	21	42
Análise de fontes documentais	A4 A5 A6 A38 B2 C1 C4 C7 C10 C12	3	15	18



Aprendizaxe colaborativa	A4 A5 A6 A38 B2 B4 B5 C1 C4 C7 C10 C12	14	42	56
Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 A38 B2 B4 C4 C7 C10 C12	2	30	32
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral on line a través de Teams, actividade síncrona, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada relacionada coa Proba de Resposta Múltiple ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo dos bloques temáticos da materia. Farase de forma individualizada, de maneira presencial (na aula ou no horario de tutoría) ou a través do correo electrónico, Teams ou Moodle.
Análise de fontes documentais	
Proba de resposta múltiple	A atención personalizada relacionada coas tarefas da Aprendizaxe Colaborativa ten como finalidade orientar, apoiar e motivar ás/aos estudantes na realización dos traballos, así como favorecer a aprendizaxe autónoma da/do estudante. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial (nas sesións de grupo de 20 persoas ou no horario de tutoría) ou a través do correo electrónico, Teams ou Moodle.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 A38 B2 B4 C4 C7 C10 C12	A proba incluírá preguntas sobre os 3 bloques temáticos que compoñen a materia.	70



Aprendizaxe colaborativa	A4 A5 A6 A38 B2 B4 B5 C1 C4 C7 C10 C12	<p>Realizarase en grupos de 5 persoas ou menos. Cada grupo deberá solucionar as tarefas propostas pola docente. Para a avaliación empregarase unha rúbrica específica onde se valorará:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Presentación (escrita e oral): 2 puntos</li><li>- Estrutura: 2 puntos</li><li>- Contidos: 4 puntos</li><li>- Fontes consultadas: 2 puntos</li></ul> <p>A asistencia e participación nesta actividade, a través dos grupos de traballo é obrigatoria. O alumnado deberá seguir as indicacións para levar a cabo as tarefas, subindo semanalmente o traballo desenvolto ao Moodle para o seu seguimento e avaliación final.</p>	30
--------------------------	--	---	----

Observacións avaliación



O conxunto de metodoloxías de avaliación descritas son obrigatorias para todo o alumnado, agás para os que opten polo adianto de oportunidade e para o alumnado con matrícula parcial.

**MATRÍCULA ORDINARIA:** A superación da materia queda suxeita a que a Proba de Respuesta Múltiple (PRM) sexa superada pola estudante, debendo acadar o 50% da puntuación da nota máxima. Para poder conseguir alomenos o 50% da nota da metodoloxía Aprendizaxe Colaborativa (AC) é preciso asistir e participar, como mínimo, no 80% das clases e ter colaborado activamente co grupo no 80% das tarefas propostas. A nota final da materia obterase sumando á porcentaxe da PRM (siempre que estea aprobada) a porcentaxe obtida na AC, independentemente do seu valor. O aprobado conseguirase cando a suma das porcentaxes resulte igual ou superior ao 50%. No suposto de que a PRM estea aprobada, pero non AC e a suma das porcentaxes non acaden o 50%, a/o alumna estará suspensa e deberá presentarse na segunda oportunidade á PRM para poder acadar unha nota superior, de xeito que a suma das porcentaxes chegue ao 50%.

Na segunda oportunidade da materia manterase a nota obtida na primeira oportunidade en AC (independentemente do seu valor), cuxo porcentaxe será sumado á nota obtenida na PRM, sendo preciso acadar o 50% para superar a materia.

**MATRÍCULA PARCIAL:** No caso de estudantes con matrícula parcial, dispoñen de dúas opcións, a primeira consiste en presentarse á PRM, supoñendo o seu resultado o 100% da avaliación. Para optar a dita opción, o alumnado con matrícula parcial, deberá solicitalo a través do correo electrónico despois da sesión de actividades iniciais e antes da primeira sesión de grupo semanal de 20 persoas. Se non solicita esta primeira opción as metodoloxías e porcentaxes serán os indicados no apartado de avaliación e a asistencia será obrigada cando estea planificado desenvolver, segundo calendario, as tarefas da AC (independentemente da dispensa que lle exima da asistencia, nos termos que indica a norma reguladora).

**ADIANTO DE OPORTUNIDADE:** Neste caso a Proba de Opción Múltiple suporá o 100% da avaliación.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá ser obtida polos alumnos que teñan un mínimo de 9, tendo preferencia os que obtiveran a nota máis alta. En caso de igual puntuación e haxa máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumno que obtivese a maior nota na metodoloxía de maior peso porcentual.

Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Ademais dúas das competencias xerais que debe adquirir o alumnado dentro do grao e da materia son B20 e B24; a primeira é a sensibilidade cara temas medioambientais e a segunda sinala a necesidade de fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnos e alumnas.
- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propóranse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Somoza B, Cano MV, Guerra P (2020). Farmacología en enfermería: teoría y casos prácticos. Madrid: Panamericana</li> <li>- Castells S, Hernández Pérez M (2012). Farmacología en Enfermería. Barcelona: Elsevier</li> <li>- Zabalegui A (2020). Administración de medicamentos y cálculo de dosis. Barcelona: Elsevier</li> <li>- (2018). RD 954/2015. Indicación, uso y autorización de dispensación de medicamentos y productos sanitarios de uso humano por parte de los enfermeros. <a href="https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-14028">https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-14028</a></li> <li>- (2020). Resolución. Guía para la indicación, uso y autorización de dispensación de medicamentos sujetos a prescripción médica por parte de las/los enfermeras/os de: Heridas. <a href="https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-13190">https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-13190</a></li> <li>- (2021). Catálogo de produtos farmacéuticos para indicación, uso e autorización da dispensación por parte da enfermaría. <a href="https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Catalogo-de-Medicamentos-enfermeria">https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Catalogo-de-Medicamentos-enfermeria</a></li> <li>- (2022). Resolución. Guías para la indicación, uso y autorización de dispensación de medicamentos sujetos a prescripción médica por parte de las/los enfermeras/os de: Hipertensión / Diabetes mellitus 1 y 2. <a href="https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2022-11127">https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2022-11127</a></li> <li>- (2022). Resolución. Guía para la indicación, uso y autorización de dispensación de medicamentos sujetos a prescripción médica por parte de las/os enfermeras/os: Quemaduras. <a href="https://www.boe.es/boe/dias/2022/07/18/pdfs/BOE-A-2022-11945.pdf">https://www.boe.es/boe/dias/2022/07/18/pdfs/BOE-A-2022-11945.pdf</a></li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adams MP (2009). Farmacología para enfermería: un enfoque fisiopatológico. Madrid: Pearson Prentice Hall</li> <li>- Florez J (2014). Farmacología humana. Barcelona: Elsevier</li> <li>- Lorenzo P (2012). Velázquez: Manual de farmacología básica y clínica. Madrid: Panamericana</li> <li>- Rang HP (2008). Farmacología. Madrid: Elsevier</li> <li>- Ruiz M (2013). Fundamentos de farmacología básica y clínica. Madrid: Panamericana</li> <li>- (.). Agencia española del medicamentos y productos sanitarios. <a href="https://www.aemps.gob.es/?lang=gl">https://www.aemps.gob.es/?lang=gl</a></li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Biología/661G01002  
 Fisiología I/661G01005  
 Cuidados Básicos en Enfermería/661G01006  
 Fisiología II/661G01010  
 Farmacología/661G01011  
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016  
 Estancias Clínicas I/661G01025  
 Estancias Clínicas II/661G01026  
 Enfermería Clínica I/661G01034  
 Enfermería Clínica II/661G01035

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/661G01017  
 Enfermería materno-infantil/661G01018  
 Enfermería Comunitaria II/661G01019  
 Enfermería Xerontolóxica/661G01020  
 Xestión dos servizos da Enfermería/661G01021  
 Estancias Clínicas III/661G01027

### Materias que continúan o temario



Estancias Clínicas IV/661G01028  
Estancias Clínicas V/661G01029  
Estancias Clínicas VI/661G01030  
Estancias Clínicas VII/661G01031  
Practicum/661G01032

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías